

Á MESA DO PARLAMENTO

O deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**.

A empresa de xestión de residuos, participada maioritariamente pola Xunta de Galicia, Sogama, licitou recentemente o servizo integral de transporte de residuos a Copasa, empresa vencellada coa construción e allea ao mundo do transporte. Sogama alega que con este cambio de adxudicataria aforrará 1,6 millóns de euros anuais.

Varios camioneiros da anterior adxudicataria, Transportes Pellejero, optaron aos postos de conductor na nova adxudicataria, vendo como o seu salario se reducía drásticamente a respecto das condicións que tiñan anteriormente.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

Que opina a Xunta de Galicia de que Copasa aforre custes a costa da devaluación salarial encuberta dos camioneiros que traballan para a actual concesionaria do transporte de residuos de Sogama?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 11/02/2016 17:11:20

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 11/02/2016 17:11:28

Ramón Vázquez Díaz na data 11/02/2016 17:11:31

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2016 17:11:34

Eva Solla Fernández na data 11/02/2016 17:11:37

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/02/2016 17:11:40